



XXXII TORNEO DE FÚTBOL SALA “VILA DE ARBO”

1.- Detalles básicos del torneo.

O Concello de Arbo no seu interese para apoiar e promocionar o deporte, organiza o XXXI Torneo de fútbol sala “Vila de Arbo”

O Torneo, xogarase en grupos. Os grupos dependeran dos equipos anotados.

O Torneo é totalmente amateur.

2.- Lugar.

Pavillón Municipal de deportes de Arbo.

3.- Data.

O Torneo será os días 24, 25 e 26 de xullo. As datas do torneo poden variar en función dos equipos inscritos.

4.- Inscripción.

O prazo de inscrición remata o venres día 17 de xullo de 2026, ás 24:00 horas ou unha vez están cubertas as prazas de equipos inscritos.

4.1.- Prezo de inscrición:

O prezo de inscrición e de 75 € por equipo, que serán ingresados na conta do Concello que se facilita, mais 25,00 € que serán entregados antes do comezo do primeiro partido a organización.

4.2.- Como inscribirse:

As inscricións realizaranse no modelo facilitado polo Concello de Arbo, recheando o formulario e enviando o enderezo electrónico da persoa responsable ou a través da sede electrónica do Concello de Arbo.

Unha vez enviado recibírase confirmación de alta e terá un prazo de 36 horas para efectuar o pago da inscrición no numero de conta indicado no formulario.

Toda a información dispoñible referente o torneo será posta a disposición de tódolos equipos participantes.

Persoa responsable do torneo: Concelleira de Deportes: Vicenta Rodríguez Cerdeira.

E-mail: deporte.concellodearbo@gmail.com

Telefono: 639829445





5.- Presentación e sorteo do torneo.

A presentación e sorteo terá lugar o sábado 18 de xullo de 2026 ás 13:00 horas no salón de plenos do Concello de Arbo.

6.- Premios

6.1. Os premios que se doaran son os seguintes.

1º clasificado	1.200 € + trofeo
2º clasificado	700 € + trofeo
3º clasificado	400 € + trofeo
4º clasificado	200 € + trofeo
Trofeo o equipo menos goleado	1 trofeo
Trofeo o xogador máximo goleador	1 trofeo
Trofeo equipo de consolación	1 Clasificado 2 Clasificado

6.2. Os premios estarán suxeitos a correspondente retención nos termos previstos na Lei 35/2006 de 28 de novembro reguladora do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

O importe dos premios será sufragado con cargo a aplicación orzamentaria 340.48 do exercizo prorrogado cara o ano 2026, quedando supeditada a resolución dos mesmos a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento do exercizo 2026.

6.3. En caso de empate o xogador máximo goleador, concederáselle o trofeo o equipo mellor clasificado e os goles acumúlanse ata a final.

6.4. Os premios faranse efectivos mediante abono en metálico o día da final do torneo, de igual forma que o equipo que tivera saldo a favor da fianza, en caso de non recollerse non terá dereito a reclamálo, igual que si obtivese calquera outro premio

7.- Normativa e requisitos de inscrición.

7.1. Tódolos equipos deben aceptar e cumprir os requisitos de inscrición a hora de inscribirse no XXXI torneo de fútbol sala "Vila de Arbo".

7.2. Non se admitirán xogadores menores de 16 anos.





- 7.3. Cada equipo deberá ter un mínimo de 6 xogadores e un máximo de 12.

Durante a primeira fase, poderase incluír ou trocar algún xogador no equipo, pero que non participase noutro equipo do campionato neste mesmo torneo.

A **baixa** do xogador supón o non poder participar en ningún partido mais do torneo.

Igualmente para poder xogar a segunda fase do torneo, o xogador terá que haber participado nalgún encontro da liga regular.

- 7.4. A hora da inscrición e antes de comezar cada partido, se **esixirá** e comprobará a identidade do xogador co seu correspondente DNI. Un xogador que non leve seu DNI, ou non este identificado, no partido non poderá xogar.
- 7.5. A revisión de fichas poderase realizar antes do comezo do encontro ou durante o tempo de descanso do mesmo.
- 7.6. Co comezo da segunda parte do encontro queda pechada a acta, non podendo inscribirse máis xogadores na mesma, e os que figuren na acta teñen que estar presentes.
- 7.7. Calquera equipo e xogador inscrito no XXXI Torneo de Fútbol Sala "Vila de Arbo" leu, acepta e comprométese a cumprir as Bases completas do Torneo.
- 7.8. Para o reparto dos premios deberá achegarse acta ou documento equivalente debidamente asinada con indicación dos equipos participantes que obtiveron os premios recollidos nestas bases.
- 7.9 Os menores de 18 anos, deberán presentar autorización dos pai /nai ou titores legais.

8.-Regras básicas.

- 8.1. Para o comezo do encontro só se admite os equipos un atraso de cinco minutos (5´) en liguiña e dez minutos (10´) en eliminatoria, sendo o horario oficial o da mesa, transcorrido ese tempo se non se atopan sobre o terreo de xogo un mínimo de catro (4) xogadores listos para xogar daráselle a dito equipo o partido por perdido polo resultado de tres a cero (3 - 0).
- 8.2. Os partidos xogaranse en dous tempos de vinte minutos (20´) a reloxo corrido, separados con un descanso de cinco minutos (5´). Se non houbera cronometrador, será o árbitro o encargado de levar o tempo, parando o reloxo cando as circunstancias do xogo así o requiriran.





- 8.3. As semifinais, e 3º e 4º posto o tempo será de vinte minutos (20'), e final tempo será de vinte cinco minutos (25') a reloxo corrido, separados con un descanso de 5 (cinco) minutos
- 8.4. En caso de empate nas eliminatorias, - semifinal, 3º e 4º posto e final -, xogarase unha tanda de penaltis, sendo de tres lanzados por equipo na primeira fase e se continua o empate, será o que falle o que declare vencedor o contrario.
- 8.5. En cada un dos tempos do partido, os equipos terán dereito a solicitar un tempo morto de un minuto (1'). Non se pode exercer este dereito nas prórrogas das eliminatorias.
- 8.6. Si un equipo nunha soa parte do partido acumula mais de 5 faltas, as próximas serán lanzadas dende o punto de dobre penalti.

9.- Regras disciplinarias.

O equipo inscrito deberá depositar unha fianza de 25 € de fianza, que entregara o responsable en metálico, para posibles sancións impostas nas regras disciplinarias

- 9.1. Aparte das sancións disciplinarias correspondentes, sancionarase economicamente cada:

Tarxeta amarela □ 2,00 Euros.

Dobre tarxeta amarela □ 4,00 Euros.

Tarxeta vermella □ 6,00 Euros.

- 9.2. Todo xogador que abandone o terreo de xogo sen autorización do árbitro, sancionarase con:

Primeira vez □ 2,00 Euros.

Segunda vez □ 4,00 Euros.

Terceira vez □ 6,00 Euros.

- 9.3. Todo xogador que este no branquiño sen camiseta, sancionarase con:

Primeira vez: Tarxeta Amarela ⇒ 2,00 Euros.

Segunda vez: Tarxeta Roxa ⇒ 4,00 Euros.

- 9.4. Presentarse a xogar con menos de 5 (cinco) xogadores a un encontro, levará implícitas as seguintes sancións económicas:

Primeira vez □ 6,00 Euros.

Segunda vez □ 10,00 Euros.

Terceira vez □ Retirada da competición e perda da fianza.





9.5. Presentarse a xogar con menos de 4 (catro) xogadores a un encontro, levará implícitas as seguintes sancións económicas e disciplinarias:

Primeira vez □ **12,00 Euros, perda do encontro por tres a cero (3 - 0) e descontáranse tres (3) puntos da clasificación.**

Segunda vez □ **Retirada da competición e perda da fianza.**

9.6. A retirada dun equipo nun encontro, considerarase coma unha incomparencia e sancionase:

Primeira vez □ **12,00 Euros, perda do encontro por tres a cero (3 - 0) e descontáranse tres (3) puntos da clasificación.**

Segunda vez □ **Retirada da competición e perda da fianza.**

9.7. Si un equipo quedase na pista con tres xogadores, segundo as causas, sancionase:

Primeira vez □ **4,00 Euros.**

Segunda vez □ **8,00 Euros.**

Terceira vez □ **Retirada da competición e perda da fianza.**

9.8. A falla de puntualidade dun equipo, sancionase:

Primeira vez □ **4,00 Euros.**

Segunda vez □ **6,00 Euros.**

Terceira vez □ **Retirada da competición e perda da fianza.**

9.9. A incomparencia dun equipo a disputar un encontro, levará implícita as seguintes sancións económicas e disciplinarias:

Primeira vez □ **15,00 Euros, perda do partido por tres a cero (3 - 0) e descontáranse tres (3) puntos da clasificación xeral.**

Segunda vez □ **Retirada da competición e perda da fianza.**

9.10. En caso de aliñación indebida, ben por xogar con xogadores sen identificar, ben por xogar coa ficha doutro xogador, ben por xogar baixo sanción disciplinaria, ou ben por xogar con xogadores unha vez pechado o prazo de admisión, a organización actuará de oficio para respectar a deportividade e o equipo será sancionado:

Primeira vez □ **6,00 Euros.**

Segunda vez □ **12,00 Euros.**

Terceira vez □ **18,00 Euros.**





9.11. Si houbera unha reclamación por parte do equipo contrario ou dun terceiro implicado, o equipo será sancionado:

Primeira vez □ **12,00 Euros, perda do encontro por tres a cero (3 - 0) e descontáranse tres (3) puntos da clasificación.**

Segunda vez □ **18,00 euros, perda do encontro por tres a cero (3 - 0) e descontáranse seis (6) puntos da clasificación.**

Terceira vez □ **Retirada da competición e perda da fianza..**

9.12. Por cada partido de suspensión dun xogador, delegado, adestrador ou auxiliar, sancionárase con tres euros (3 €) o equipo.

9.15. Os árbitros disporán de dous tipos de tarxetas:

Tarxeta Amarela: Si un xogador é amostado con dúas tarxetas amarelas durante un mesmo partido, se lle amosará tarxeta roxa.

Tarxeta Roxa: O xogador será expulsado do campo e o equipo xogará con un xogador menos durante dous minutos. Si o equipo contrario metera un gol, o equipo do xogador amostado poderá volver xogar con 5 xogadores a pesar de non haber concluído os dous minutos de sanción.

9.16. O árbitro terá a facultade de enviar anexo a acta do partido, cando por circunstancias especiais o considere oportuno.

10. Sancions

10.1 Amarelas

A expulsión por dúas TARXETAS AMARELAS no mesmo partido, non significará ningunha sanción e o xogador poderá disputar o seguinte partido.

10.2 Vermellas

-Si a expulsión é producida por ser o último xogador ou man (decisión técnica) non significará ningunha sanción e poderá disputar o seguinte partido

- Se a expulsión foi ocasionada por unha acumulación de tarxetas, non significará ningunha sanción e poderá disputar o seguinte partido.

- Se a expulsión foi por unha tarxeta vermella DIRECTA, terá un partido de sanción e non poderá disputar o seguinte partido.





- Se a expulsión foi por agresión a un contrario ou ao árbitro, considerase FALTA GRAVE e suporá a expulsión do torneo do infractor.

-Aqueles equipo que mostren unha conducta antideportiva, incívica, con incitación o racismo, odio ou a calquer tipo de violencia, xa sexa nos terreos de xogo como en todas as instalacións poderán ser descalificados da competición sí así o decidirá o Comité de Competición.

11.- Regras de competición

10.1. O sistema de puntuación será de tres (3) puntos para o vencedor, un (1) en caso de empate e cero (0) puntos para o perdedor.

A) No caso de empate na liguiña entre dous equipos clasificaranse segundo os seguintes criterios e pola orde na que se indica:

1. Resultado entre ambos.
2. Diferenza de goles.
3. Maior número de goles a favor.
4. Mellor clasificado na deportividade.

B) No caso de empate na liguiña entre tres ou máis equipos, clasificaranse segundo os seguintes criterios e pola orde na que se indica:

1. Puntos conseguidos entre os equipos empatados.
2. Diferenza de goles entre eles.
3. Maior número de goles a favor entre eles.
4. Mellor clasificado na deportividade

10.2. Si un Club fose expulsado da liguiña de clasificación (primeira fase) perderá a fianza e os resultados que obtivera serán anulados e deixaran sen efecto os encontros disputados por dito Club a efectos de clasificación, non adxudicándose nin os puntos nin os goles dos mesmos a ningún equipo.

10.3. A incomparecenza dun equipo na liguiña de cuartos de final, calquera que fora a xornada levará implícita a expulsión da competición coa perda da fianza e premios que houbera conseguido, anulándose tódolos resultados habidos, non adxudicándose nin os puntos nin os goles dos mesmos a ningún equipo.

10.4. Nos encontros por eliminatorias, cuartos, semifinais e final, a incomparecenza dun dos equipos implicará a perda do encontro, máis a fianza e os premios que lle correspondan, tanto económicos coma trofeos.





10.5. Si un equipo queda con menos de tres xogadores na pista por accións antideportivas na segunda fase (cuartos de final), perdería o partido, mais a fianza e o 50% do premio que obtivera, e si fose na fase final (semifinais e finais), perdería o total dos premios acadados (fianza mais premios).

12.- Regras avanzadas.

11.1. Todos aqueles xogadores que usen gafas, poderán ser aliñados baixo súa responsabilidade. Das lesións que se poidan producir os xogadores serán responsables eles mesmos ou seu equipo, quedando libre de toda responsabilidade a organización.

11.2. Tódolos gastos que se ocasionen por roturas, despezamentos, etc..., correrán a cargo o equipo que os ocasione. De non facer efectivo ditos gastos, se tomaran as medidas oportunas, que pode ser, incluso, a expulsión do torneo.

11.3. O delegado terá a obriga de informarse de tódalas incidencias que xurdan co seu equipo, (sancións, horarios, etc) ante a organización, polo medio que crea mais oportuno, persoalmente, teléfono, E-mail, en caso contrario non terá dereito a reclamación que estime oportuna

11.4. O XXXI torneo de fútbol sala "Vila de Arbo", con súas regras e detalles está suxeito a actualizacións.

12.- Publicidade:

As presentes bases, daraselle a publicidade correspondente a través da súa inserción na BDNS, no Bop de Pontevedra, na páxina web do Concello e no taboleiro da sede electronica do Concello de Arbo, sen prexuízo de calquera outro medio de difusión.

13.- Normas en materia de Protección de datos:

Os datos persoais que os participantes ou gañadores do presente concurso faciliten para a participación no mesmo e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do concurso, serán tratados, na súa condición de responsable, polo Concello de Arbo.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e á Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Os datos persoais proporcionados polos participantes e gañadores do concurso serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral do presente procedemento de concorrencia





(concurso) e o desenvolvemento das prestacións derivadas do mesmo, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as ditas finalidades, e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Do mesmo xeito, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través de medios comunicación institucionais como Boletíns ou Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, coa finalidade de dar a publicidade legalmente esixidas ao procedemento.

En caso de que os participantes no concurso facilitaran datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente a súa inclusión deberán informar ás persoas interesadas dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto na sede electrónica do Concello de Arbo https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572.

De igual forma poderán poñerse en contacto coa persoa delegada de protección de datos e obter información adicional segundo o especificado no portal web.

14.- Normas finais:

O feito de participar no torneo implica o coñecemento e aceptación por todos os participantes das presentes bases.

Os órganos competentes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso, en todo o non previsto nestas bases.

A interpretación do Regulamento e Normativa de Competición do campionato de fútbol sala “Vila de Arbo”, será competencia exclusiva da organización.

Os organizadores resérvanse o dereito de inscrición, así como de alteración da normativa en todo momento.

BOLETÍN DE INSCRICIÓN





Concello de Arbo
CIF: P - 3600100 F

Praza Consistorio, nº 1
36430 ARBO (Pontevedra)
Tlf.: 986 665 000

XXXI TORNEO DE FÚTBOL SALA “VILA DE ARBO” 2026

DATOS DO SOLICITANTE:

NOME E APELIDOS:		DNI / CIF:	
ENDEREZO:		C.P.	CONCELLO
EN REPRESENTANTE DO CLUB:			
TELÉFONO:	TELÉFONO:	ENDEREZO ELECTRÓNICO:	

EXPÓN:

Haber ingresado 75 € de inscrición do XXXI Torneo de Fútbol Sala “Vila de Arbo” 2026, na conta de Abanca:

ES44 2080 5011 8530 4000 5379

Entrego en efectivo o responsable do Torneo 25 € de fianza, que se recupera si o final ten saldo a favor.

Así mesmo, o equipo acepta e comprométese a cumprir as normas do Torneo.

Polo que,

SOLICITA:

A inscrición do equipo de Fútbol Sala no XXXI Torneo de Fútbol Sala Vila de Arbo.

CONTACTO:

Vicenta Rodriguez Cerdeira: 639 82 94 48

E-Mail: vicentacerdeira@hotmail.es

SINATURA DA PERSOA REPRESENTANTE:

CONFORME





Lugar e data:					
	a	de		de	O RESPONSABLE

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Concello de Arbo
Finalidades do tratamento	Participación Torneo de Fútbol Sala Vila de Arbo.l
Destinatarios dos datos	Non se prevén
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id_seccion=573
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572





AUTORIZACIÓN DE MENOR DE IDADE PARA PARTICIPAR NO XXXI TORNEO DE FÚTBOL SALA “VILA DE ARBO” 2026

D/D^a.....,
como padre/madre/ titor, con DNI.

AUTORIZO A.....
menor de idade, con data de nacemento e con DNI,
nº

a participar no **XXXI TORNEO DE FÚTBOL SALA “VILA DE ARBO”** que se
celebrará en Arbo (Pontevedra)

DOU O MEU CONSENTIMENTO para a administración de primeiros auxilios e
outros tratamentos médicos en caso de lesión ou enfermidade e pola presente
exonero ao Concello de Arbo de calquera responsabilidade ou reclamación
que xorda de dito tratamento así como de calquera accidente que o menor
poida ter derivado de dita práctica deportiva.

Ademais AUTORIZO expresamente ao Concello de Arbo como organizador,
ao emprego da imaxe resultante da sesión fotográfica que se realizará no
citado evento.

E para que así poda constar onde fora necesario, asino a presente autorización
en
..... a de
..... de 2.....

FIRMA DO PAI/NAI OU TITOR

.....

PROTECCIÓN DE DATOS

Responsable do tratamento	Concello de Arbo
Finalidades do tratamento	Participación Torneo de Fútbol Sala Vila de Arbo.I
Destinatarios dos datos	Non se prevén





Exercicio de dereitos	<i>As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou revocar o consentimento segundo o previsto en https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/index.php?id_seccion=573</i>
Máis información e contacto coa persoa delegada de protección de datos	https://www.concellodearbo.es/eportal/portal/?id_seccion=572

O alcalde. Horacio Gil Expósito
Documento asinado electronicamente

